

PARQUE TEMATIZADO DE CASTRELOS

BASES TÉCNICAS AS QUE DEBERÁ AXUSTARSE O PROXECTO BÁSICO DE INSTALACIÓN DO "PARQUE TEMATIZADO DE CASTRELOS" (Expte.: 5261/446)

O obxecto da presente memoria é a descrición da finalidade ou obxectivo básico do Contrato do Proxecto Técnico, Construción, Subministro e Instalación do Parque Tematizado de Castrelos, así como das condicións e requirimentos mínimos que deberán terse en conta polas empresas licitadoras.

1.- INTRODUCCION:

O Parque Tematizado de Castrelos, que o Concello de Vigo ten previsto desenvolver na cidade ten uns obxectivos claros, que son o disfrute dun espazo público cuns criterios de calidade ambiental e integración social a través dun parque temático.

Os obxectivos fundamentais que deben guiar o deseño son:

- o parque como uso lúdico pola sociedade
- o coñecemento turístico, medioambiental e patrimonial
- a educación ambiental
- a integración de persoas con diferentes necesidades

2.-OBXETO

O obxecto do contrato é a redacción, subministro e instalación dun parque tematizado en Castrelos destinado o ocio e recreo da poboación, principalmente infantil, e terá a capacidade de conxugar o entretemento co disfrute dun espazo estreitamente vinculado ca natureza e a historia da cidade así como a educación medioambiental, deportiva e saudable dos usuarios.

3.- SITUACIÓN E ESTADO ACTUAL

A superficie sobre a que se pretende desenvolver o proxecto atopase no parque de Castrelos e ocupa unha superficie de 10.428,97 m². O seu uso actual é

PARQUE TEMATIZADO DE CASTRELOS

como parque infantil 5.323,70 m² e como zona verde e camiños 5.105,27 m², polo que se atopa explanado e ca configuración típica destas áreas.

5.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DA OFERTA GLOBAL

A tipoloxía e o deseño da Oferta Global, que comprenda tanto o equipamento como a obra civil, ofertada polos licitadores, serán **LIBRES** dentro da tematización proposta: "A potenciación da historia o medioambiente o deporte e o xogo do Parque de Castrelos".

Todos os elementos do Parque Infantil Tematizado deben ter un elevado contido lúdico debendo estar deseñados no marco de tematización proposta, para estimular a instrución, a formación social e cultural, o desenvolvemento físico e psíquico, a imaxinación infantil e a educación ambiental.

Nas actuacións propostas polo licitador deberá respetarse o pechamento colindante coa estrada, os elementos arquitectónicos, o arborado e a vexetación existente (Regulamento técnico municipal regulador das obras de xardinería no termo municipal)

6.- CARACTERÍSTICAS FUNCIONAIS MÍNIMAS DA OFERTA:

As ofertas que presenten os licitadores deberán incluír obrigatoriamente os seguintes aspectos, que se consideran mínimos:

Zona 1: ata 5 anos

Zona de recreo onde os nenos poidan descubrir o mundo exterior, equipada cunha gama de produtos destinada a nenos con idades máis baixas, comprendidas entre os 0,5 e os 5 anos, que permitiralles gatear, balancearse, correr e recrear xogos de personaxes. Esta zona debe estar especialmente deseñada para atraer os máis cativos polo que as formas, a cor, e o funcionamento xogan un papel fundamental.

Superficie mínima: 66,80 m²

A gama de produtos debe comprender alomenos:

- 4 xogos de equilibrio que desenrolen movementos de balanceo
- 2 construcións que sirvan como zona de descanso e de retiro

PARQUE TEMATIZADO DE CASTRELOS

- 3 construcións que permitan o recollemento e o desenrolo dos xogos de personaxes

Zona 2: ata 8 anos

Zona de recreo equipada cunha gama de produtos destinada a nenos con idades intermedias que lles permita escalar, balancearse, deslizarse, saltar, correr e desenrolar xogos de roles.

Superficie mínima: 404,50 m²

A gama de produtos debe comprender alomenos:

- 2 construcións de xogos combinados (plataformas, barras, redes, pasarelas, escaleiras, muros de escalada, etc.)
- 3 queixóns de area tematizados
- 2 xogos de equilibrio con mecanismos que favorezan movementos de balanceo
- 1 xogo de equilibrio que desenrole movemento xiratorio
- 2 xogos de equilibrio que xeneren movemento de translación, de balanceo e xiratorio
- 4 xogos de escalada

Zona 3: ata 16 anos

Zona de recreo equipada cunha gama de produtos destinada ós nenos máis maiores e ós pre-adolescentes que lles permita escalar, balancearse, trasladarse, saltar, correr, facer equilibrios e acrobacias e coordinar movementos. Ós nenos encantalles facer equilibrios. As habilidades de equilibrio contribúen a fortalecer súa confianza en eles mesmos cando mostran ós seus amigos o que son capaces de facer.

Superficie mínima: 546,20 m²

PARQUE TEMATIZADO DE CASTRELOS

A gama de produtos debe comprender alomenos:

- 1 construción de xogos combinados (plataformas, tobogáns, redes, pasarelas, escaleiras, túneles, muros de escalada, etc.)
 - 1 xogo de equilibrio que xenere movemento de translación
 - 2 xogos de escalada
 - 2 xogos de equilibrio que desenrolen movementos de balanceo
 - 1 xogo de equilibrio con mecanismos que favorezan movemento oscilante
- Dous accesos emblemáticos de entrada ó recinto do Parque Infantil Temático coa cartelería onde figurará o nome do parque e se expoñan todos os requisitos de seguridade das normativas vixentes para parques, zonas deportivas o de calquera outro así como, o logotipo do Concello de Vigo conforme ó modelo que se facilitará por a dirección técnica.
- Megafonía con audición clara e polivalente para todo o interior do recinto do Parque.
- Deberá dispor dunha rede de instalación eléctrica con todos os elementos do sistema de alumado interior acorde o deseño do Parque Tematizado.
- Elementos de cerramento do Parque acorde ca normativa vixente nestes casos
- Instalación del/los servizo/s hixiénico-sanitario/s necesarios para a utilización do parque para o aforo estimado do mesmo, que en ningún caso será menor de dous módulos independentes e sen contar cos existentes.
- Deberá dotarse o Parque Tematizado de fontes bebedeiro para consumo humano en número suficiente para o aforo estimado do mesmo, que en ningún caso será menor de tres, ubicadas de forma razoable no deseño proposto polo licitador.

PARQUE TEMATIZADO DE CASTRELOS

- Instalación de rede integral de rego automatizado controlado por sistema de gps, radio o calquera outro programable para toda a área de incidencia do Parque Tematizado.

- Deberá existir no Parque Tematizado un espazo cuberto, onde poidan concentrarse sentados e escoitar, observar ou ver, calquera expresión oral ou plástica. Este espazo deberá estar dotado de tomas de corrente eléctrica así como de megafonía propia.

- Rede de paseos, rúas ou espazos que determinen un recorrido secuencial con tratamento superficial adecuado, delimitado e funcionalmente adaptado ó deseño.

- Todos os elementos deportivos, infantís, de mobiliario urbano , saudables existentes nas áreas deberán ser retirados coidadosamente, recuperados estética e funcionalmente e instalaranse, no espazo definido pola dirección técnica, dentro do termo municipal en areas acondicionadas para o seu uso.

As superficies amortiguadoras dos espazos poderán ser distintas en función das características dos elementos, o uso e a estética do conxunto.

7.-NORMATIVA A CUMPRIR RESPECTO DOS BENS A SUBMINISTRAR:

Todos os xogos e elementos que se oferten deberán estar homologados conforme a lexislación aplicable na Unión Europea en cuanto a calidade do produto, seguridade e construción e según as normativas autonómicas e locais vixentes. Os certificados dos xogos esixiranse no momento da instalación.

O prazo de garantía mínima para os elementos será de 2 anos.

8.- INSTALACIÓN:

A instalación dos elementos incluídos na oferta global presentada farase na parte indicada da parcela i en ningún caso o resto do parque verase afectado polas obras de instalación (almacenaxe de materiais, maquinaria...)

PARQUE TEMATIZADO DE CASTRELOS

Será por conta do adxudicatario o transporte dos elementos a instalar.

O adxudicatario estará obrigado a realizar, ós tres meses da instalación, unha revisión e axuste para garantir o bo funcionamento e durabilidade da mesma e presentará a certificación do montaxe da área conforme a normativa vixente.

9.- VALORACION DA OBRA CIVIL DA ACTUACIÓN:

A valoración económica das actuacións da obra civil a desenrolar pola proposta, quedará reflectida nos correspondentes cadros de prezos e presuposto do proxecto que as desenrole, non obstante seu alcance deberá encadrarse entre un mínimo do 25%, e un máximo do 45% do importe total do contrato, sen prexuízo da baixa económica que se poida contemplar. Este presuposto cifraríase, polo tanto, entre 250.000,00.- € e 450.000,00.-€, incluídos todos os gastos e impostos.

10.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución será de 150 días.

11.- IMPORTE DA OBRA

O importe total da obra incluíndo o proxecto (visado polo organismo competente), o subministro e a instalación cifrase en 1.000.000,00 € e cargarase a partida orzamentaria 1710.619.00.05 (adquisición de vallas, parques infantís e biosaludables).

GMC/xc



Vigo 23 de xuño de 2010
O Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Gilberto Moldes Crespo'.

Asdo. Gilberto Moldes Crespo